

A Confraría de Pescadores . S. Bartolomé de Noia en relación ca sentencia derivada da denuncia interposta pola Confraría por responsabilidade patrimonial contra a Consellería do Mar polo episodio de paralización por toxina ocurrido en Outubro de 2013, expón:

A sentencia evidencia a falta de responsabilidade da propia Confraría, as competencias do control do medio mariño tenas a Consellería do Mar a través do INTECMAR, na tardía detección de toxina ca devolución e posterior destrucción de preto de 100.000 kg de berberecho procedente das autorizacións noiesas o 7 e 8 de outubro.

Episodio tralo cal se chegou a acusar á Confraría de vender producto con toxina sabendo que estaba contaminado,(feitos do que foi absolto polo xulgado, non podía ser de outro xeito) e incluso un reducido grupo de asociados/as (32 dun total de 1254)que demandaron á confraría como responsable buscando a quiebra desta, ao solicitar que se pagase o que a propia entidade non cobrara.

Esta sentencia está recurrida pola Consellería do Mar, polo que ainda non é firme, en caso de que en última instancia o tribunal superior de Xustiza nos dé a razón, todolos/as socios/as que confiaron na confraría para efectuar a través da entidade á que pertencen, a correspondente reclamación, cobrarán a totalidade do adeudado desas datas, ao contrario cos 32 que tiveron que pagar os servicios de abogados alleos á Confraría.

O mesmo sucedeu cando foi a reclamación de danos derivados do afundimento do PRESTIGE, os asociados da confraría de Noia que confiaron nesta e nos seus servizos xurídicos cobraron as cantidades íntegras, o resto foronlle descontados os honorarios dos abogados que contrataron.

A Confraría de Noia e a Consellería do Mar e o Intecmar dende a mesma data dos feitos denunciados, mantiveron diversas reunións co fin de mellorar a intensidade dos controis do medio mariño na Ría de Noia, especialmente nas datas de extracción do plan de marisqueo, e nos consta que así se está a facer, feito que agradecemos, ainda que entendemos que hai marxe de mellora sobre todo en que se efectúen análises a fin de semana.

Dende a Confraría, pola nosa parte, na campaña extractiva realizanse análisis complementarios en laboratorios privados, ao noso entender necesarios, para maior seguridade, debido á alta incidencia dos episodios de toxina nos últimos tempos, en épocas nas que anteriormente non se producían.

A confraría de Noia , defende e defenderá os intereses dos seus asociados/as e os propios, ante quien proceda, sin defender intereses alleos, asociacións, plataformas... que están dirixidas por partidos políticos cuíos intereses a menudo chocan cos dos propios socios/as e a entidade, nunca apoiaron á confraría nas súas demandas.

